



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 22 de outubro de 2019, o expediente de modificación de créditos núm. 17 /2019, (5º de competencia do Pleno), dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos , por un importe de Vinte e nove mil euros (29.000,00 €) , en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, a 22 de Outubro de 2019.- O Alcalde – Presidente, José Ulla Rocha.

R.3187

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 20 de Setembro de 2019, o expediente de modificación de créditos núm. 12 /2019 (4º de competencia do pleno), dentro do vixente Presuposto municipal, por un importe total de Cincuenta e nove mil trescentos (59.300,00) euros, e transcurrido o prazo dos quince días hábiles, contados a partir da inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sin que se tivesen presentado reclamacións, o mesmo entenderase elevado a definitivo, quedando o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido orzamento, da seguinte forma:

Cap. 1.- Remuneracións de persoal.	962.475,58 €.
Cap. 2.- Compra de bens correntes e de servicios.	1.486.750,23 "
Cap. 3.- Gastos financeiros.	3.050,00 "
Cap. 4.- Transferencias correntes.	195.560,00 "
Cap. 5.- Fondo de Continxencia.	16.370,90 "
Cap. 6.- Inversións reais.	1.338.319,36 "
Cap. 7.- Transferencias de capital.	0,00 "
Cap. 8.- Variación de activos financeiros.	0,00 "
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros.	29.360,00 "

SUMA TOTAL..... 4.031.886,07 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Begonte, a 21 de Outubro de 2019.- José Ulla Rocha.

R. 3188

LOURENZÁ

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 21/10/19 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos do terceiro trimestre de 2019, expõe ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións.

Establécese como período de cobro en voluntaria do 4 ó 20 de outubro de 2019.

Lourenzá, 21 de outubro do 2019.- A ALCALDESA, Rocio López Gracia.

R. 3189

MONDOÑEDO

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o dia 17 de outubro de 2019, aprobou inicialmente o Crédito Extraordinario nº 2019/2, por importe de 450.000 euros e Transferencia de Créditos de competencia Plenaria nº2019/1, por importe de 5.2171,50 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2, do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sómetese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar recalamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerase aprobado definitivamente dito acordo.

Mondoñedo, 17 de outubro de 2019.- A Alcadesa, Elena Candia López.

R. 3174

MURAS

Anuncio

PROPOSTA MODIFICACION ORDENANZA SAF

Aprobada polo Pleno do Concello a Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar e publicada no BOP núm. 204, de 5 setembro de 2018 precísanse algunas modificacións na mesma, segundo requerimento por parte do servizo de inspección da Consellería de Política Social, e que a seguir se relacionan:

Onde di:

Artigo 3º: “.....3. Tamén, con carácter subsidiario do programa de educación e apoio familiar , poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacions de familias en risco de exclusión social.....

debe dicir:

“.....3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacions en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

No Artigo 4º :

- a) **Apartado 1.a.:** Inclúese este parágrafo a maiores :”..... Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.”
- b) **Apartado 1.b.:** Inclúese este parágrafo a maiores :”..... Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio....”
- c) **Apartado 1.d.:**

Onde di:

“... as atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, á mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar.

Debe decir:

“....as atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar....”

- **Apartado 2:** inclúese a maiores o seguinte parágrafo: “.....Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimiento, teleasistencia e similares

Artigo 4º:

Onde di:

“4.....QUEDAN EXCLUÍDAS COMO ATENCIÓN DE CARÁCTER PERSOAL:

- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.
- No caso de usuarios diabéticos, os auxiliares non poderán realizala administración vía inyectables, cortar uñas dos pés ou mans, nin asear calquera tipo de ferida.
- Cambios de sondas, cura de drenaxes, cambio de material de traqueotomía, cura de gastrotomía, administración de medicación sen prescripción médica escrita, revisión de sondas nasogástricas, administración de medicamentos por vía parenteral, e calquera outro proceso complexo de enfermería, agás os realizados de xeito cotiá pola persoa cuidadora habitual (alimentación sonda, aspiracións,...).

QUEDAN EXCLUÍDAS COMO ATENCIÓN DE CARÁCTER DOMÉSTICO E DA VIVENDA:

A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo do servizo; así como as seguintes:

- Limpar o exterior da vivenda, escaleiras, e portais.
- Mobilizar e limpar persianas e ventanais que conlevan asomarse o exterior.
- Abrillantalo obxectos de prata e dourados, obxectos e mobles de pel.
- Dar cera a mobles e chans
- Dar branqueador as baldosas
- Fregar de xeonllos
- Lavar roupa a man
- Empregar produtos tóxicos de limpeza
- Pasalo ferro a roupa interior, panos de cociña e de limpeza
- Limpar habitacións ou realizar tarefas para familiares autónomos que viven no domicilio ou estean de visita.
- Subirse a cadeiras, mesas, escaleiras..., que non reúnan as suficientes garantías de seguridade
- Limpar excrementos de animais.....”

Debe decir:

4. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fesen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

ARTIGO 7º.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.

- Suprímese este apartado:

“..... Estar presente no domicilio para que se poda prestar o Servizo e respectar o acordado no proxecto de intervención.....”.

No ARTIGO 8º.- CAUSAS DE DENEGACIÓN DO SERVIZO, onde di:

- “..Desistir doutros servizos ou prestacións derivadas da aplicación e desenvolvemento do Sistema para a Autonomía persoal e Atención á Dependencia,

Debe decir:

“..Desistir doutros servizos ou prestacións (no referente a prestación do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia) derivadas da aplicación e desenvolvemento do Sistema para a Autonomía persoal e Atención á Dependencia,

- Eliminase o apartado que di: "...A negativa á sinatura do acordo da prestación do Servizo e proxecto de intervención....."

ARTIGO 9º.- CAUSAS DE EXTINCIÓN OU MODIFICACIÓN DO SERVIZO. Onde di:

Apartado 3: ".....3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, a incoación por parte da entidade titular do servizo....."

debe dicir:

".....3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo....."

ARTIGO 13º.- REQUISITOS ESPECÍFICOS.(da sección 1º , do capítulo II)

Inclúe un último parágrafo referido á protección de datos

"En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo co previsto no Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2008, de 5 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal"

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar as modificóns da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar publicada no BOP núm. 204, de 5 setembro de 2018, que veñen de enumerarse con anterioridade.

2.- Aprobadas inicialmente as modificóns, exporanse ao público, previo anuncio no BOP de Lugo, por vinte días, durante os cales os interesados poderán examinalas e presentar as reclamacións ante o Pleno. De non presentárense reclamacións contra as mesmas, enténdense definitivamente aprobadas.

Non obstante o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Muras, 27 de agosto de 2019.- O Alcalde, Manuel Requeijo Amejo.

R. 3175

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourol en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de outubro de 2019, prestou aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de SETEMBRO de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil cento setenta e oito euros con trece céntimos (3.178,13 €), dos que mil douscentos setenta e un euros con dez céntimos (1.271,10 €) corresponden a libre concorrencia e mil novecentos sete euros con tres céntimos (1.907,03 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente pone en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que disponen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demás contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 16 de outubro de 2019.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 3176

PORTOMARÍN

Anuncio

EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS.

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o expediente de modificación de créditos dentro do vixente orzamento municipal, en cumprimento do disposto no art. 177 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación. De non presentarse estas, considérase definitivamente aprobado o expediente

Portomarin, 22 de outubro de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 3190

RIOTORTO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos núm. MC12/2019 nas modalidades de suplemento de crédito e crédito extraordinario cuxo importe total ascende a 181.926,00 euros, de acordo co establecido no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co 20.3 do RD 500/1990, de 20 de abril, faise público o resumo por capítulos do orzamento de gastos, que definitivamente queda como segue:

Cap. 1 Gastos de persoal	651.521,13
Cap. 2 Gastos correntes en bens e servizos	661.234,80
Cap. 3 Gastos financeiros	8.500,00
Cap. 4 Transferencias correntes	59.800,00
Cap. 6 Inversións reais	646.543,53
Cap. 9 Pasivos financeiros	69.000,00
TOTAL.....	2.096.599,46

Riotorto, 21 de outubro de 2019.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3177

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 26 de setembro de 2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de agosto de 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonde ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponese en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que disponen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín. Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllas adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seránllas enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 26 de setembro do 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3178

VILALBA

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 14/2019 de crédito extraordinario. Expediente n.º: 4015/2019

O Pleno do Concello de Vilalba, en sesión celebrada o día 21 de outubro de 2019, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos 14/2018 de crédito extraordinario por importe de 51.653,61 euros.

O expediente permanecerá exposto ao público, na oficina da Intervención municipal, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Vilalba, 23 de outubro de 2019.- A Alcaldesa, Elba Valeiro Fernández.

R. 3213

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **11 de outubro de 2019**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

OUROL: substituto: DON ELIAS AMADOR FERNÁNDEZ ROUCO. DNI 76544423D.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do siguiente ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 16 de outubro de 2019.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 3179

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A.

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA LIQUIDACIÓN DOS CANONS DE REGULACIÓN E AS TARIFAS DE UTILIZACIÓN DA AGUA PARA OS USUARIOS DE OBRAS HIDRÁULICAS NO ÁMBITO DA BACÍA DO MIÑO-SIL, CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2020.

Sometidos a información pública os valores dos Canons de regulación e as Tarifas de Utilización da auga para os usuarios das obras hidráulicas, resultantes dos Estudos Económicos efectuados pola Área de Explotación, coa participación dos órganos representativos dos usuarios e beneficiarios, e cumprido o prazo concedido, sen que se formularan reclamacións contra os valores, esta Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 309 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, acordou aprobar os Canons de Regulación e as tarifas de Utilización da Auga do correspondente exercicio económico do ano 2020, polos valores que a continuación se indican:

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE BÁRCENA E DA TARIFA DE UTILIZACIÓN DA PRESA DE FUENTE DEL AZUFRE PARA USUARIOS HIDROELÉCTRICOS (LEÓN, LUGO, OURENSE). ANO 2020

1.- Aproveitamento a pé de presa de Bárcena.

Canon: 0,00410267768 €/Kwh

2.- Aproveitamentos de augas abaixo da presa de Bárcena que non derivan da presa de Fuente del Azufre.

Canon: 0,00109015112 €/Kwh

3.- Aproveitamentos de augas abaixo da presa de Bárcena que derivan da presa de Fuente del Azufre.

Canon: 0,00109015112 €/Kwh

Tarifa: 0,00149113967 €/Kwh

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE BÁRCENA E TARIFA DE UTILIZACIÓN DO POZO DE TOMA PARA USOS DE ABASTECIMENTOS DE AGUA A POBOACIÓN (LEON). ANO 2020

Canon: 0,00302931017 €/m³

Tarifa: 0,00074095429 €/m³.

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE BÁRCENA PARA USOS INDUSTRIAIS (LEON). ANO 2020

Usuarios industriais con consumo: $0,00301187037 \text{ €/m}^3$

Usuarios industriais sin consumo: $0,00030288979 \text{ €/ m}^3$

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE BÁRCENA E DA TARIFA DE UTILIZACIÓN DA AUGA PARA O REGADÍO DA SUBZONA BAIXA DO BIERZO (LEON). ANO 2020

1. Parcelas susceptibles de rega non regadas:

Canon: 5,568198 €/Ha.

Tarifa: 5,859917 €/Ha.

2. Parcelas susceptibles de rega, entre o 1º e 5º ano de rega:

Canon: $5,305575 + 0,324935 \times n \text{ €/Ha.}$

Tarifa: $8,009978 + 0,324935 \times n \text{ €/Ha.}$

3. Parcelas susceptibles de rega, entre o 6º e 25º ano de rega:

Canon: $6,524080 + 0,081234 \times n \text{ €/Ha.}$

Tarifa: $9,244963 + 0,082332 \times n \text{ €/Ha.}$

4. Parcelas susceptibles de rega, a partir do 26º ano de rega:

Canon: 8,554921 €/Ha.

Tarifa: 11,303272 €/Ha.

* Sendo **n** o número de anos de rega da parcela

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE BÁRCENA E DA TARIFA DE UTILIZACIÓN DA AUGA PARA O REGADÍO DA SUBZONA ALTA DO BIERZO (LEON). ANO 2020

1. Parcelas susceptibles de rega non regadas:

Canon: 8,115896 €/Ha.

Tarifa: 22,479568 €/Ha.

2. Parcelas susceptibles de rega, entre o 1º e 5º año de rega:

Canon: $12,358037 + 0,288962 \times n \text{ €/Ha.}$

Tarifa: $32,744552 + 0,372276 \times n \text{ €/Ha.}$

3. Parcelas susceptibles de rega, entre o 6º e 25º ano de rega:

Canon: $13,441643 + 0,072240 \times n \text{ €/Ha.}$

Tarifa: $34,140588 + 0,093069 \times n \text{ €/Ha.}$

4. Parcelas susceptibles de rega, a partir do 26º ano de rega:

Canon: 15,247652 €/Ha.

Tarifa: 36,467314 €/Ha.

* Sendo **n** o número de anos de rega da parcela

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE VILASOUTO PARA ABASTECIMENTO DE AUGA A POBOACIÓN (LUGO). ANO 2020

Canon: $0,07991509954 \text{ €/m}^3$

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE VILASOUTO E DA TARIFA DE UTILIZACIÓN DA AUGA PARA O REGADÍO DO VAL DE LEMOS (LUGO). ANO 2020

Canon de aplicación:

Parcelas susceptibles de rega sin uso: 55,102356 €/Ha.

Parcelas susceptibles de rega con uso: 121,171634 €/Ha.

Tarifa de aplicación:

Parcelas susceptibles de rega sin uso: 77,876465 €/Ha.

Parcelas susceptibles de rega con uso: 114,445062 €/Ha.

A Secretaría Xeral procederá á emisión das correspondentes liquidacións que se notificarán a cada un dos afectados, sen prexuízo de publicar esta resolución nos mesmos boletíns oficiais nos que se publicou o estudo económico.

O importe resultante de tódalas liquidacións será obxecto de incremento do 4% en concepto de taxa por explotación de obras e servizos, validada por Decreto 138/1960, do 4 de febreiro (BOE do 5 de febreiro de 1960).

Ourense, 18 de outubro de 2019.- O PRESIDENTE, José Antonio Quiroga Díaz

R. 3180

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/29432

El Ayuntamiento de Pantón solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,125 l/s de agua procedente del pozo Alto de Guitara, en Guitara, parroquia de Atán (Santo Estevo), en el término municipal de Pantón (Lugo) para abastecimiento al núcleo de Segade

La captación se realiza mediante pozo de barrena. Las aguas son bombeadas a depósito de 30 m³ de capacidad y posteriormente conducidas a través de la red de distribución hasta viviendas a abastecer del núcleo de Segade.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Pantón**, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2^a planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 16 de octubre de 2019, EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3181

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/29632

La Comunidad de Usuarios Bosques solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,134 l/s de agua procedente de un pozo situado en la parcela catastral 212 del polígono 2, en el lugar y parroquia de Neira de Cabaleiros (Santa María Madanela), en el término municipal de Láncara (Lugo) para abastecimiento y usos ganaderos.

La captación se realiza en un pozo de 6 m. de profundidad y 1 m. de diámetro desde el que parte tubería que conduce el agua a las viviendas y explotaciones a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Láncara**, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2^a planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 16 de octubre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3182

Anuncio

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición para uso industrial, factoría de procesado y envasado de productos lácteos.

EXPEDIENTE: A/27/30501.

NOMBRE DEL PETICIONARIO: Corporación Alimentaria Peñasanta S.A.

DESTINO DEL APROVECHAMIENTO: Usos industriales.

CAUDAL DE AGUA SOLICITADO: 34,25 litros por segundo.

CORRIENTE DE DONDE SE PRETENDE DERIVAR EL AGUA: Río Santa Marta y 3 pozos.

TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS: Outeiro de Rei (Lugo).

De conformidad con el artículo 105 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril, se abre el plazo de UN MES, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del artículo 106 de dicho texto admitiéndose también, durante este plazo otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

Se denegará la tramitación posterior de toda solicitud que suponga una utilización de caudal superior al doble del que figura más arriba, sin perjuicio de que, quien lo pretenda pueda, dentro del plazo señalado en este anuncio, remitir su petición en la forma prevista en el artículo. 104 del citado Reglamento, en la que se solicitará la paralización del trámite de la que es objeto de esta publicación, debiendo acompañar a la misma el resguardo acreditativo del ingreso en la Caja General de Depósitos de una fianza por la cantidad de 2.000 Euros para responder de la presentación del documento técnico.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el artículo 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (C/ Progreso nº 6 - Ourense), a las DOCE (12) HORAS del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Lugo, 16 de octubre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3183

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/15160

Ivan Castro Pereira solicita la modificación de características de un aprovechamiento de 0,20 l/s de agua procedente de una fuente sita en la parcela 246 del polígono 106, en Samesode, parroquia San Salvador, término municipal de Guitiriz (Lugo) con destino a usos domésticos.

La modificación consiste en la colocación en el manantial de tubos de hormigón de 1 m de diámetro y una tapa de aluminio con sistema de cierre. Desde estos parte una tubería hasta la vivienda a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Guitiriz**, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2^a planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 15 de octubre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3184

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/03387

Jaime Díaz González y Modesta Argiz González solicitan la novación, modificación de características y cambio de titularidad de un aprovechamiento de 0,0986 l/s de agua procedente de dos manantiales sitos en el lugar de Rabelas, parroquia de Veiga (San Xoán), término municipal de Chantada (Lugo) para usos domésticos, ganaderos y riego de 0,4579 has, consistente en una nueva captación y modificación de usos.

La captación se realiza en dos manantiales y un pozo de 100 m en el que se coloca una bomba de 1,5 CV. Las aguas de los manantiales se conducen a una arqueta de 1x1 m de la que parte una tubería que conduce las aguas hasta el depósito de 5.000 l, al que también llegan las aguas del pozo. Desde aquí son distribuidas hasta la vivienda y zonas de riego.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Chantada**, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2^a planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 14 de outubro de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3185

MINISTERIO DE FACENDA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) -XOVE
Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2019-0664 DO 15 DE OUTUBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCEA NON COMPETITIVA DAS AXUDAS AO ESTUDO PARA O CURSO 2019-2020

BDNS (Identif.): 478585

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas, aquelas persoas que, reunindo os requisitos que esixen as Bases reguladoras da concesión de bolsas e axudas ao estudo, cursen os seguintes estudos:

MODALIDADE 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario.

MODALIDADE 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela.

MODALIDADE 3.- Axudas para alumnos minusválidos físicos ou psíquicos que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación.

MODALIDADE 4.- Axudas para compra de material escolar.

MODALIDADE 5.- Axudas para estudos de doutoramento.

MODALIDADE 6.- Axudas para máster

Segundo. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria ten como finalidade articular as condicións polas que se rexerán a convocatoria pública, en réxime de concorrenza non competitiva, de bolsas e axudas ao estudo para sufragar os gastos derivados do aloxamento, material e pago das taxas ou prezos de quen se atope realizando estudos, coas dotacións máximas e demáis condicionantes que se fixan nas bases posteriores.

Aos efectos das presentes Bases, enténdese por Bolsa ou Axuda ao estudo "toda cantidade ou beneficio que o Concello de Xove concede a quen deseche realizar ou se atope realizando estudos para a súa promoción educativa, cultural ou profesional, de acordo coas presentes bases e para os cursos académicos a que se refiran as respectivas convocatorias"

Terceiro. Bases reguladoras

Poden consultarse as Bases Reguladoras da presente convocatoria na seguinte dirección:
<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/b9bdb638-bf2a-4b55-b81a-6273781849ea/>

Cuarto. Contía

A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 43.000 euros con cargo á aplicación 326.481 do orzamento do presente ano 2019.

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparellado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

O Concello de Xove abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Pessoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

1.-Modalidade 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario, dotadas con 1.200,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €

2.-Modalidade 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela, dotadas con 600,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €

3.-Modalidade 3.- Axudas para alumnos minusválidos físicos ou psíquicos que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación, dotadas con 750,00 € cada unha

4.-Modalidade 4.- Axudas para compra de material escolar, coa seguinte dotación:

a.- Preescolar: 65,00 €

b.- Primaria e ESO: 60,00 €

c.- Bacharelato: 125,00 €

d.- Ciclos formativos: 125,00 €

5.-Modalidade 5.- Axudas para doutoramento, dotada con 1.200,00 €.

6.- Modalidade 6.- Axudas para máster, dotada con 500,00 €.

Para o cálculo da contía a obter en concepto de bolsa nas modalidades 1 e 2 tomarase en consideración a seguinte fórmula:

$A + (B-A)^* (Renda a considerar - Renda mínima) / (Renda máxima - Renda mínima)$

Donde A= 1.200,00 e para a modalidade 1 e 600,00 € para a modalidade 2

Donde B= 100,00 € para ámbalas dúas modalidades 1 e 2

Donde Renda mínima= 6.000,00 € para a modalidade 1 e 5.500,00 € para a modalidade 2

Donde Renda máxima = 9.000,00 € para ámbalas dúas modalidades 1 e 2.

Quinto. Requisitos dos solicitantes

Os interesados na concesión dunha bolsa ou axuda ao estudo deberán cumplir o requisito de empadroamento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove cunha antigüedad mínima de tres anos, salvo no caso de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requerirá o empadroamento e residencia efectiva persoal.

Ademais, no caso das axudas da Modalidade 1 de bolsas e axudas ao estudo universitario, é condición indispensable non ter más de dúas asignaturas suspensas de cursos anteriores, sempre e cando o alumno estea matriculado dun curso completo ou dun número de asignaturas non inferior a cinco. E así proporcionalmente ao número de asignaturas.

Así mesmo, para o gozar do total da axuda da modalidade 6 de master deberá acreditarse documentalmente un gasto superior á cantidade para conceder, entendéndose como gastos a xustificar os derivados da matrícula, gastos de estancia, gastos de desprazamentos, gastos de alimentación e/ou gastos de material, e no caso de non xustificar o total da axuda, esta se prorrinará.

Os gastos deberán ser xustificados con facturas, taxas de matrícula, contratos (estancia) ou calquera outro gasto que acredite fidedignamente a realización do gasto sen admitirse simples recibos nin declaracions.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir da publicación pola Base de Datos Nacional de Subvencións do Extracto da Convocatoria no B.O.P. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sin que en ningún caso a duración de dita prórroga poida exceder de 10 días.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove www.xove.es,ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sétimo.- Outra información para os beneficiarios das axudas

As presentes axudas están incluidas no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión das presentes axudas á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demáis axudas públicas, non será obligatorio subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión das axudas nin do pago das mesmas sempre e cando o importe anual otorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

XOVE, 15 DE OUTUBRO DE 2019.- O ALCALDE.- JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3191
